

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA PARA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS DO ÁMBITO TERRITORIAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA COSTA POLO LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA

I.- Antecedentes.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables.

Dentro desta consellería, dunha banda, Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

E da outra, para o desenvolvemento das súas funcións a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático conta co Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, pertencente á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, cuxas competencias a teor do establecido no Decreto 164/1999, do 27 de maio, son a realización de estudos, análises e informes técnicos sobre establecemento de parámetros, técnicas e procedementos analíticos previstos nas normas ambientais e a realización da labor de investigación das técnicas e modelos de análises en consonancia cos avances científicos e as disposicións normativas aplicables.

II.- Razóns de oportunidade.

A Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva Marco da Auga, DMA), establece a necesidade de implantar diferentes programas de monitorización que permitan determinar o estado das masas de auga, incluídas as augas subterráneas, e Augas de Galicia, entidade pública empresarial adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, é o organismo de conca responsable do control da calidade da auga no ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia Costa.



Por outra banda, a Directiva 2006/118/CE, relativa á protección das augas subterráneas contra a súa contaminación e o seu deterioro, entrou en vigor o 16.01.2007, e foi trasposta ao marco legislativo estatal a través do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro. Ademais das disposicións relativas ao estado químico das augas subterráneas, este real decreto establece as medidas para determinar e inverter as tendencias significativas e sostidas ao aumento das concentracións de contaminantes e para previr ou limitar as entradas de contaminantes nas augas subterráneas.

Así para coñecer o estado actual da calidade das augas subterráneas é preciso tomar as mostras e analizar en laboratorio diversos parámetros de calidade das augas en determinados puntos de control de augas subterráneas.

O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia ten, entre outras, a función da toma de mostras e execución dos análises que se lle encomenden en materia de augas. Conta con medios técnicos e humanos necesarios para a realización da análise dos parámetros precisos para coñecer o estado actual da calidade das augas subterráneas.

O artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia

III.- Obxectivos que se pretenden.

O obxecto do acordo que se pretende asinar é regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da toma de mostras e do análise en laboratorio de parámetros de calidade das augas nos puntos de control de augas subterráneas que se detallarán no anexo I do acordo.

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático polos custes nos que incorra para a realización dos análises, que estímanse en unha cantidade máxima de 619.604,00 €, con cargo á conta 219 "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan Xeral de contabilidade pública de Galicia. A citada cantidade inclúe todos os impostos, tributos e taxas que, no seu caso, compra aplicar. A distribución de anualidades é a que segue:

2024	103.267,33 €
2025	309.802,00 €
2026	206.534,67 €

O acordo terá unha duración de 24 meses, entrará en vigor o mesmo día da súas sinatura.



Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón
(asinado dixitalmente)

